



https://printo.it/pediatric-rheumatology/ES_GL/intro

Osteomielite crónica multifocal recorrente (CRMO)

Versión de 2016

1. QUE É A CRMO?

1.1 En que consiste?

A osteomielite crónica multifocal recorrente (CRMO, polas súas siglas en inglés) é a forma máis grave de osteomielite crónica non bacteriana (CNO) En nenos e adolescentes, as lesións inflamatorias afectan de forma predominante ás metáfise dos ósos longos, aínda que as lesións poden producirse en calquera lugar do esqueleto. Ademais, poden verse afectados outros órganos como a pel, os ollos, o tubo dixestivo e as articulacións.

1.2 É moi frecuente?

A frecuencia desta enfermidade non se estudou con detalle. En base a datos procedentes de rexistros nacionais europeos, podería afectar aproximadamente entre 1 e 5 de cada 10.000 habitantes. Non existe un predominio de sexo.

1.3 Cales son as causas da enfermidade?

Descoñécense as causas. Existen hipótese que apuntan a que esta enfermidade está ligada a unha alteración na inmunidade innata. Algunhas enfermidades raras do metabolismo óseo poden imitar á CNO, como a hipofosfatasa, a síndrome de Camurati-Engelman (ou displasia diafisaria progresiva), a paquidermoperiostose con hiperostose e a histiocitose.

1.4 É hereditaria?

A herdanza non puido demostrarse aínda que se barallaron algunhas hipóteses sobre iso. De feito, só unha minoría dos casos é familiar.

1.5 Por que o meu fillo ten esta enfermidade? Pode previrse?

A día de hoxe descoñécense as causas. Non se coñecen medidas preventivas.

1.6 É contaxiosa ou infecciosa?

Non. En estudos recentes non se atopou ningún axente infeccioso que a cause (como unha bacteria).

1.7 Cales son os principais síntomas?

Os pacientes a miúdo quéixanse de dor nos ósos ou nas articulacións; por tanto, o diagnóstico diferencial inclúe a artrite idiopática xuvenil e a osteomielite bacteriana. De feito, a exploración física pode detectar artrite nunha proporción significativa dos pacientes. Son frecuentes a inflamación e a sensibilidade local nos ósos e pode presentarse perda de función ou coxeira. A enfermidade pode ter unha evolución crónica ou recorrente.

1.8 A enfermidade é igual en todos os nenos?

A enfermidade non é igual en todos os nenos. É máis, o tipo de afectación ósea, así como a duración e a gravidade dos síntomas varía dun paciente a outro e mesmo no mesmo neno o patrón de afectación pode ser variable con cada recorrencia.

1.9 A enfermidade en nenos é diferente que a que presentan os adultos?

En xeral, a CRMO en nenos aseméllase á que se observa en adultos. Por outra banda, algunhas características da enfermidade, como as que afectan á pel (psoriase, acne pápulo pustuloso) son máis frecuentes. En adultos, a enfermidade chamouse síndrome SAPHO por sinovite, acne, pustulose, hiperostose e osteíte. A CRMO considerouse a versión

pediátrica e adolescente da síndrome SAPHO.